



www.oqueleo.com

© 2026, María Canosa

© 2026, Nuria Díaz

© Desta edición:

2026, Sanoma Educación, S. L. U. e Edicións Obradoiro, S. L.

Oqueleo é unha marca rexistrada directa ou indirectamente por Grupo Santillana Educación Global, S. L. U., licenciada a Sanoma Educación, S. L. U.

Entrecercas, 2 - 15705 Santiago de Compostela

ISBN: 978-84-16834-37-2

Depósito legal: M-2579-2026

Printed in Spain - Impreso en España

Primeira edición: abril de 2026



As materias primas utilizadas na fabricación deste libro son reciclables e cumpren amplamente coa normativa europea de desenvolvemento sostible, economía circular e xestión enerxética.

Queda prohibida a utilización dos contidos desta obra, de calquera forma, ou por calquera proceso, con fins de minaría de texto e datos, aprendizaxe automática, desenvolvemento e/ou adestramento e/ou enriquecemento de intelixencias artificiais de calquera clase.

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser feita coa autorización dos seus titulares, agás as excepcións que establece a lei. Contacte con CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

Lobo Ramón. Volven as pantasma

María Canosa

Ilustracións de Nuria Díaz

oqueleo

Luces na noite

As nubes escuras toldaban o ceo, tapando incluso as estrelas e a lúa. Ramón agradeceu as súas mantas de la de cores. Con todo, non ía frío suficiente como para deixar de durmir ao aire libre. O inverno anterior construíra un pequeno cuberto no que abrigarse do resío. Pouco máis ca unhas pólas de carballo a xeito de tellado formaban a súa gorrida, pero o lobo así o prefería, xa que non quería deixar de ver a súa apreciada lúa.

A noite era negra, pero dun fresco aceptable que aínda non o obrigaba a ter que protexerse baixo teito. Trasladaríase ao cuberto cando as madrugadas arrefriasen tanto

que lle xease a punta do fociño. Era así como collía as catarreiras e as infeccións de gorxa. Fora Pancho quen lle recomendara durmir ao abeiro, e Ramón obedecía, mais aínda non comezara a tempada de constipados.

6 Ramón acomodou a almofada e dispúxose a soñar. A noite prestábase a deixar voar a imaxinación coma se fose unha bolboreta. Tal era o negrume que o lobo prescindiu de anteface. Cubriuse coa manta ata o pescozo e, antes de pechar os ollos, bisbou un «Boa noite, xefa» que dirixiu cara ao satélite que se intuía tras as nubes. Agora si, era tempo de descansar.

A Ramón gustáballe adormecer arrolado polas melodías dos grilos e as carricantas. Escoitalos facíao sentir na casa, sen necesidade de paredes que a delimitasen. Respirou profundo e pensou nas angueiras da xornada seguinte. Sería domingo e non tiña encargas

que repartir. Almorzaría na de Dosindo e...
Xa lle parecía ulir unha das tortas de mazá
que tanto lle gustaban. Hummmmmmm!
Caíalle a baba só con pensar nela. Mellor ía
ser concentrarse noutra cousa, pois estábase-
lle a abrir o apetito e así non pegaría ollo.

Deu unha volta cara a un lado e levantou
as pálpebras mentres se acomodaba. Xusto
entón, pareceulle ver unha luz amarela na
escuridade. Alertado, ergueuse dun brinco e
comezou a asexar pola redonda.

Buscou con esmero tras das árbores máis
próximas e tamén polas silveiras. Non deu
con nada estraño. Ao contrario, o único que
detectou foi un olor distinto que, pese a non
lograr identificar nese momento, lle resulta-
ba moi familiar.

Volveu á cama, coidando de taparse ben,
pois aquel paseo deixáralle o corpo frío.
A manta cubríao ata a boca.

A piques estaba de prender no sono cando escoitou unha póla partir. Estaba seguro de que o son non proviña dunha árbore, senón do chan. Alguén a pisara. O instinto fixéralle abrir os ollos ao instante, dándolle tempo a albiscar no medio da noite a devandita luz amarela. Volveu poñerse en pé. Non era un soño. Alí pasaba algo. Fixo unha nova rolda de recoñecemento, prestando moita atención ao seu oído, mais tamén ao olfacto. Pero nada atopou.

Regresou ao seu lugar, xa sen sono pero con moito cansazo. O tempo avanzaba paseniño. As pálpebras tardaron en acusar o esgotamento e baixáronse coma persianas automáticas. Cando por fin se pechaban, sobresaltouse de novo, coa sensación de que alguén lle estivese a botar o alento enriba, un bafo que alcatreaba, coma se levase anos sen lavar a boca. Puagh!!!! Que noxo!



Volveu erguerse, desta vez cun pincha-carneiro digno dun número circense. De novo, un par de luces amarelas chamaron a súa atención. Correu cara a elas ao tempo que se esluían na escuridade, apagándose.

10 Na carreira, un son íao guiando. Alguén o precedía fuxindo polo monte, sorteando as árbores fóra do camiño. Estaba completamente seguro de que o vixiaban, e agora, ao ser descuberto, quixera fuxir. Fose quen fose o que asexaba, resultáballe imposible alcanzalo, polo que, logo dun cacho, abandonou aquela misión que, ademais, non sabía en que consistía.

Tardou máis de media hora en volver á «cama». Notábase canso de tanto correr. Dende que as viaxes longas as facía en motocicleta, xa non parecía afeito a tal movemento. Co velocista que fora en tempos! O motor atrofiáralle as patas e iso amolábao moito.

Deitouse, pero foi incapaz de pegar ollo, alterado pola intriga, a tensión e o cansazo. Menos mal que a súa querida lúa o acompañaba incondicionalmente.

—Ti viches, Lúa? —comentou consciente de que non ía obter resposta—. Seguro que, dende o alto, ti sabes ben todo o que pasou. Ai, quen me dera estar aí e descubrir o misterio!

11

Ramón non podía deixar de cismar no asunto. Repasaba aquela noite e cada vez parecíalle máis increíble.

—Luces amarelas, redondiñas. Unha póla que creba porque alguén a esmaga. E un alento que fede a podre! Que será o que me veu vixiar?

Tentaba buscar unha explicación pero non a atopaba. Aínda así, non se rendía. Xa que non ía ser quen de prender no sono, resolver o enigma.

—Por que habían querer vixiarme a min?
Iso tampouco o entendo. Non lle fago mal
a ningún. Vivo tranquilo, sen importunar.
Que teño de especial? Por que non van mo-
lestar a outro?

12 Por máis que lle daba voltas ao asun-
to, non atopaba explicación. El era un lobo
tranquilo, moi tranquilo. Quen quería
asustalo e por que? Porque algo asustado si
que estaba...

De súpeto, atopou unha explicación. As
pernas comezaron a tremelhe.

Todo pode agocharse na escuridade

—Vaia cara nos traes, Monchiño! —dixolle Pancho ao velo aparecer pola cafetaría—. Senta, que te convido ao almorzo. 13

—Agradézochos ben, meu amigo, que pasesi unha noite terrible.

—Dosindo, un almorzo completo para o lobo con café dobre, por favor.

—Maaaaaaarchando —respondeu buli-deiro o coello.

—E ven sentar con nós cando poidas, que seica o Moncho trae novidades —pregou o raposo.

Ao pouco, achegouse o dono da cafetaría cun anaco ben grande de biscoito con aroma

a canela, un zume de cenoria e mais un café con leite do tamaño dunha piscina onde se puidesen bañar unha familia de pombas.

Deixaron que o sempre esfameado lobo dese conta das viandas e logo comezaron co interrogatorio.

14 —E logo que? —abriu a quenda o raposo—. A que se debe esa cara de pantasma?

—Xusto aí está o asunto! —respondeu alterado o lobo, pensando que el non fora o único que pasara unha mala noite.

—Aí onde? —sorprendeuse pola resposta do lobo.

—Na pantasma! Onde vai ser?

—Que pantasma nin que raio, Moncho? As pantasma non existen!

—Ai non! Eu vin unha. Que non existen dilo ti! —arrichábaselle o lobo.

—Dígoo eu, dígoo eu... —facíalle burla o raposo—. Claro que o digo eu. E a ciencia



tamén o di! —continuaba Pancho, cada vez máis alterado.

O raposo non era nada amigo dos dixomedíxomes e alporizábase moito cando o lobo facía caso de calquera parvada sen contrastar.

16 —Que ciencia? A medicina? —Non se daba por vencido nunca á primeira—. A medicina só podería saber de pantasmas enfermadas e eu nunca vin unha esbirrando por aí adiante. Sería moi incómodo dar sustos así, non che parece?

—Pero que parvadas dis?! —indignouse o doutor.

—Haxa paz! —interveu o coello para cortar a lea. Ata entón seguira a conversa mirando un e outro coma se dun partido de tenis se tratase—. Parecedes dous pícaros! Non tedes remedio!

Os amigos baixaron a cabeza. Recoñecían que levaba boa razón.

—A ver, Moncho —convidouno amigablemente Dosindo—. Intenta contarnos que foi o que pasou onte á noite.

O lobo bufou antes de principiar o relato.

—Parecía un día normal, coma outro calquera. Fun durmir e, pola temperatura agradable, decidín quedar ao aire libre unha noite máis. —O raposo rasquexou, pois xa lle tiña advertido que collería un catarro, pero Moncho proseguiu coma se nada—. Ata aí todo ben. Pero nun momento, ao non levar o anteface posto, presentín un brillo. Abrín os ollos e unha luz amarela mirábame dende o medio da noite. Ao descubri-la, desapareceu.

—Brrrrrrrrr —Pancho rosmou, pero Moncho fixo coma quen que non o escoitaba e continuou co relato.

—Fun ata onde estaba, eh, pero co único co que dei foi cun cheiro estraño. Non me digades que non dá para pensar!

—Pensar... en pantasma! —anoxábase o raposo, que, ata o momento, escoitara con paciencia—. Iso só se che ocorre a ti.

18 —Espeeeeeeeera —cortouno Ramón máis tranquilo—, que hai moito máis. O curioso non foi iso, senón o que pasou despois. Estaba a piques de caer rendido cando alguén pisou unha póla no chan que me alertou. De novo, unha luz amarela observándome. Busqueina, pero desaparecera.

—Sería un lucecú, Moncho. Co boureo que armaches, apagouse —quixo mediar desta vez Dosindo.

—Sería unha posibilidade se non pasase o que aconteceu despois.

Raposo e coello aguzaron as orellas e o lobo non se fixo de rogar.

—Espíábame. —Deixou uns segundos en silencio e continuou—. Sentín un alento riba de min, coma se me estivesen olfacteando.

En canto o notei, zas! Peguei un chimpó e quen alí estaba botou a correr. Fixen o tal e fun pisándolles os talóns un bo treito. Non fai falla especificar que quen guiaba aqueles pasos eran un par de luces amarelas. E vós diredes o que queirades, pero nunca vin dous lucecús correr coma lóstregos.

19

O lobo rematou aí o discurso e os seus dous amigos non souberon que dicir. Esperaban máis explicacións, pero non as houbo. Logo dunha espera prudencial, Pancho sorriu e falou.

—E xa está?

—Logo, que máis queriades?!

—Pois saber que perseguiches!

—É que me cansei e non o dei alcanzado. Non puiden velo, pero está claro que era unha pantasma.

Antes de que Pancho se enfadase, Dosindo interveu.

—Logo que datos tes ti para confirmalo?

—A pregunta foi moi boa.

—Pois esas luces amarelas e... e... a invisibilidade. Porque non deixaron nin sombra!

20 —Non digo que non haxa indicios, pero non deberíamos, aínda, aseguralo.

—Eu téño clarísimo, vaia —insistía Moncho.

—Unha pregunta máis —quixo manter a calma Pancho—. O alento que sentiches, a que cheiraba?

—Buffffffff. Fatal! Apestaba! As pantasma non lavan nada a boca, eh!

—Ahá! —exclamou o raposo—. Aí está. Se fose unha pantasma así, sería unha pantasma enferma. E pola miña consulta non pasou!

—Xa estamos coa ciencia! —revolveuse o lobo.

—Tranquilos os dous! —berrou tamén desta vez Dosindo—. Non confirmamos nin desmentimos, vale? Deixémolo estar ata ter máis datos.

—Aiiiii! —protestou o lobo—. Eu vou derreado, non sei se poderei vixiar outra noite seguida, necesito un descanso.

21

—Bota unha sesta e xa te recuperas —animouno o coello.

—Non é só iso, teño unhas maniotas... Tanto salto e tanta carreira, estou que non me movo!

—A ver se che vai pasar coma aquela vez que saltaches na cama elástica e logo botaches tres días na cama —riu Dosindo coa lembranza.

—Tanto non, ho!, pero case —confesou Moncho.

—Estás en baixa forma —falou o raposo como doutor—, tes que coidarte. Ademais

da alimentación, deberías exercitar eses músculos e fortalecelos.

—Aí si que che dou a razón, mais... como?

—Pois o de Lolo non é mala opción, non che parece? —animouno Pancho.

—O de Lolo? —preguntou curioso.

22 Raposo e coello miráronse. Foi Dosindo quen preguntou:

—Non sabes do novo negocio no monte?

—Temo que non! Sorprendédeme!

Erguendo moito as orellas en punta, agardou pola novas.